

MOBILIDADE PARA PERSOAL DOCENTE SAÍNTE ERASMUS+ 2025/26

Proxecto - 2025-1-ES01-KA131-HED-000339067

A EASD Mestre Mateo fai pública a presente convocatoria de axudas para a Mobilidade de Persoal Docente correspondente ao curso 2025/2026, no marco do programa Erasmus+ KA131 para países asociados.

Este programa desenvólvese grazas á aprobación por parte da Comisión Europea das Mobilidades de estudantes e persoal entre países do programa e países asociados polo Servicio Español para a Internacionalización de la Educación (SEPIE)

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxectivo da presente convocatoria é a selección de beneficiarios dun máximo de **4 axudas** de mobilidade para **persoal docente da EASD Mestre Mateo** destinadas a financiar estadias durante o curso 2025/2026 en países Asociados veciños da UE para profesorado de Graos ou Ciclos superiores que se imparten no centro.

O obxecto da estadia é a impartición dunha **actividade docente** (2 prazas) **ou unha estadia de observación** (2 prazas) entre as universidades socias recollidas na base segunda da presente convocatoria.

SEGUNDA. CENTROS DE DESTINO E DURACIÓN

2.1. Centros de destino asociados á EASD Mestre Mateo.

ITALIA

- ACCADEMIA DI BELLE ARTI (I MACERAT02) <http://www.abamc.it/>
- ACCADEMIA IUAD (Italian University for Art & Design) (I NAPOLI13) <http://www.accademiadimoda.it/>
- UNIVERSITÀ DEGLI STUDI DI CAMERINO (I CAMERIN01) <http://www.unicam.it/>
- ACCADEMIA DI BELLE ARTI DI BARI (I BARIO2) <http://accademiabelleartiba.it>

ALEMANIA

- MUTHESIUS KUNSTHOCHSCHULE (D KIEL05) <http://www.muthesius-kunsthochschule.de/>
- Krefeld – Hochschule Niederrhein (D KREFELD01) <https://www.hs-niederrhein.de>
- HOCHSCHULE ANHALT (D KOTHEN01) <https://www.hs-anhalt.de/>

BULGARIA

- NATIONAL ACADEMY OF ARTS (BG SOFIA08) <https://nha.bg/en>

POLONIA

- JAN MATEJKO ACADEMY OF FINE ARTS IN KRAKOW (PL KRAKOW10) <http://www.asp.krakow.pl/> (Cracovia, Polonia)

FRANCIA

- ÉCOLE SUPÉRIEURE D'ART ET DE DESIGN – ORLEANS (F ORLEANS13) <http://esad-orleans.fr/> (Orleáns, Francia)

PORTUGAL

- Escola Superior de Artes e Design (P MATOSIN01) <http://www.esad.pt/>
- UNIVERSIDADE EUROPEIA – IADE (P LISBOA08) <http://www.iade.pt/>
- INSTITUTO POLITÉCNICO DE CASTELO BRANCO <http://www.ipcb.pt/>
- UNIVERSIDADE DA BEIRA INTERIOR (P COVILHA01) <https://www.ubi.pt/>

2.2. Novos centros de destino (institucións non socias).

No caso de querer realizar a estadía nunha Universidade ou Escola non socia, será posible a sinatura dun novo convenio Interinstitucional entre a EASD Mestre Mateo e dito centro, sempre que as condicións permitan facer intercambios para estudantes. Esta última condición será sempre a prioridade de criterio para levar a cabo ou non dito convenio. Resulta de especial interese a realización de novos acordos con centros

docentes que impartan estudos de xoiaría e/ou complementos.

2.3. Duración da estadía.

A duración da estadía será de 5 días, aos que se engadirán até 2 días de viaxe. As datas da mobilidade acordaranse co centro de destino, e deberán ter lugar non máis tarde do 31/09/2026.

Duración	Datas	Número de prazas
5 días + 1 ou 2 de viaxe	A acordar co centro de destino, a realizar antes do 31/09/2026.	2 STT para impartir unha actividade. 2 STA de observación.

TERCEIRA. REQUISITOS

Son elixibles todos/as os/as docentes que impartan estudos na Escola (tanto graos coma ciclos superiores) durante o curso 2025/26 e que teñan como mínimo un nivel B1 acreditado oficialmente en inglés ou a lingua do país de destino antes da data límite de entrega de documentación (poderanse valorar candidaturas sen o cumprimento desta condición unicamente se quedaran prazas libres, sempre e cando o docente acredite o nivel mínimo necesario para desenvolver a actividade a través da sinatura de declaración de capacidade de manexo no idioma do país de destino ou no idioma de traballo. A sinatura deste documento sen un mínimo coñecemento, de demostrarse calquera problema motivado pola carencia de idioma na institución de destino, motivará o rechazo de solicitudes futuras da persoa candidata para participar no programa).

CUARTA. AXUDA ECONÓMICA

As persoas participantes na mobilidade recibirán unha axuda económica para sufragar os custos de estancia e manutención durante o período de mobilidade, así como unha axuda económica para sufragar os custos de viaxe. Os importes asignados para o apoio individual son independentes do país de destino ou orixe da mobilidade

(táboa 1). O importe da viaxe pode experimentar modificacións en función da distancia entre o centro de orixe e o centro de destino (táboa 2).

4.1. Apoio Individual (Manutención e Estadía)

A axuda económica para sufragar os custos de estancia e manutención calcúlase por día de actividade, sendo a duración da estadía de 5 días de actividade máis un máximo de 2 días de viaxe. Os importes diarios dependen do país de destino, conforme á seguinte táboa (táboa 1):

Grupo de Países de Destino	Axuda diaria (Días 1-14)
Grupo 1. Países cun custo de vida alto (Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia)	143 €/día
Grupo 2. Países cun custo de vida medio (Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal, República Checa)	128 €/día
Grupo 3. Países cun custo de vida baixo (Bulgaria, Croacia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, Romanía, Serbia, Turquía)	111€/día

A axuda máxima (7 días) só se computará naqueles casos nos que a persoa adxudicataria da axuda realice unha viaxe verde.

O termo "**Viaxe Verde**" (ou *Green Travel*) refírese á elección de medios de transporte que teñan **baixas emisións de carbono** (tren, autobús, automóbil compartido...) para a maior parte do traxecto da mobilidade. Para que a viaxe poida ser computada como "verde" deberá acreditarse mediante comprobantes.

4.2. Axuda de Viaxe

A axuda económica para sufragar os custos da viaxe calcúlase mediante a ferramenta de cálculo de distancias da Comisión Europea ([https://erasmus-](https://erasmus-plus.ec.europa.eu/resources-and-tools/distance-calculator)

[plus.ec.europa.eu/resources-and-tools/distance-calculator](https://erasmus-plus.ec.europa.eu/resources-and-tools/distance-calculator)), baseada na distancia en liña recta entre Santiago de Compostela e o centro de destino segundo a seguinte táboa:

Distancia (km)	Importe fixo da axuda de viaxe
Entre 10 e 99 km	20€
Entre 100 e 499 km	180€
Entre 500 e 1999 km	275€
Entre 2000 e 2999 km	360€
Entre 3000 e 3999 km	530€
Máis de 4000 km	820€

QUINTA. LUGAR DE PRESENTACIÓN E PRAZO DE SOLICITUDE

As persoas solicitantes deberán presentar os seguintes documentos debidamente cumprimentados, datados e asinados, na Secretaría da Escola, en papel antes do día **30 de Xaneiro**:

- Impreso de solicitude (Anexo I)
- Declaración de capacidade do manexo no idioma do país de destino ou no idioma de traballo (Anexo II)
- Certificacións oficiais de idiomas.
- Plan de traballo (Anexo III)
- Aceptación por parte do centro ou institución de acollida mediante un correo electrónico.

SEXTA. CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES

A selección do profesorado candidato realizarase a través dunha comisión de valoración, que estará integrada pola xefatura da área de Calidade e Promoción das Ensinanzas, a Coordinadora de Programas Internacionais e dous integrantes do claustro seleccionados mediante sorteo público. En último termo, a concesión da bolsa irá suxeita a aprobación pola Dirección do Centro priorizando as necesidades da Escola sobre a mobilidade (non será posible realizar mobilidades cando o docente forme parte dun tribunal de proxectos finais, en probas de acceso e en período de reclamación de exames).

No caso de que o segundo integrante do claustro seleccionado por sorteo sexa da mesma especialidade que o primeiro, o segundo quedará exento e

continuarase co sorteo até atopar unha/un docente que non coincida na especialidade coa/co primeira/o docente seleccionada/o.

No caso de que a xefatura de Área de Calidade e Promoción ou a Coordinadora de Programas Internacionais integrantes da comisión se cadidataran para a bolsa, serán substituídas pola xefatura de estudos. No caso de que se trate dun integrante do claustro, realizarase un novo sorteo.

A adxudicación de prazas farase **dacordo cos seguintes criterios**:

6.1. Terá preferencia o **profesorado que non realizara unha mobilidade nos últimos 5 anos dentro da EASD Mestre Mateo** sempre que sexa profesorado con destino no centro durante todo o curso académico 25-26, sempre e cando: a) exista relación suficiente entre a especialización do/a docente e as materias do centro de destino, de xeito que acaden unha puntuación mínima de 1,5 e 0,5 nos punto 1 e 2, respectivamente; b) as liñas de traballo e de investigación sexan afíns co centro de destino; e c) teñan alomenos un nivel B1 da lingua de traballo para optar ás mobilidades de formación, e a un B2 para as de docencia.

6.2. **Relación entre a especialización do/a docente** (responsabilidades, disciplinas e especialidades que imparte) e **a formación que recibirá no centro de destino**. *Máximo 3 puntos*.



6.3. Liñas de traballo e de investigación afíns ao centro de destino e repercusión positiva na EASD Mestre Mateo. Máximo 1 punto.

6.4. Coñecemento da lingua de traballo. Certificación de idiomas dacordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. Máximo 4 puntos, conforme á seguinte táboa:

Idioma empregado na institución de destino solicitada			
B1	B2	C1	C2
-	2	3	4

6.5. Unha vez valorados os puntos anteriores, no caso de empate, terá preferencia a persoa con maior permanencia no centro.

As persoas solicitantes, una vez baremadas, pasarán a formar parte dunha lista de seleccionados ordeada de maior a menor puntuación.

Serán adxudicatarias dunha beca de mobilidade as persoas integrantes da lista de seleccionadas por orde de puntuación ata que se esgote a partida orzamentaria das mobilidades convocadas.

A concesión desta licenza subordinarase, en todo caso, ás necesidades do servizo.

SÉTIMA. RENUNCIAS

A renuncia a unha axuda de mobilidade xa adxudicada presentarase por escrito na secretaría da Escola á atención da Coordinadora de Programas Internacionais no prazo de 5 días dende a resolución da convocatoria.

OITAVA. PRAZOS

- Presentación de solicitudes: 30/01/2025
- Resolución e lista de seleccionados: 6/02/2025
- Alegacións: 9/02/25 ata as 13 h.
- Resolución e lista de adxudicación definitiva: 13/02/25

NOVENA. TRÁMITES ANTES DE COMEZAR A ESTADÍA

A persoa adxudicataria aportará todos os datos e información necesarios para xestionar a documentación requirida polo Departamento de Relacións Internacionais da EASD Mestre Mateo en tempo e forma.

Asimesmo deberán realizar todos os trámites necesarios para asegurarse a cobertura sanitaria durante a súa estancia e suscribirán unha póliza que cubra accidentes e responsabilidade civil durante a estadía no país destino.

DÉCIMA. TRÁMITES DURANTE A ESTADÍA

A persoa adxudicataria debe comunicar á coordinación Erasmus da Escola a súa incorporación ao centro de destino.

Asimesmo deberá comunicar á coordinación Erasmus da Escola calquera incidencia ou cambio nas datas ou no plan de mobilidade acordado á maior brevidade posible.

UNDÉCIMA. TRÁMITES AO FINALIZAR A ESTADÍA

A persoa adxudicataria debe entregar á coordinación Erasmus da Escola nun prazo máximo de 15 días desde o seu regreso:

- O certificado de cumprimento da estadía según modelo normalizado, con data e sinatura polo responsable de control de mobilidade da institución de destino. A data de certificación deberá ser igual ou posterior á data de finalización da estadía. Non se admitirán certificados con data anterior á finalización do período de mobilidade.
- Documentación xustificativa da viaxe: documento de desprazamento en vehículo particular, tarxetas de embarque, billetes electrónicos, folla de itinerario, facturas no seu caso, etc.
- O informe final en liña (cuestionario UE) en función da mobilidade realizada.
- O informe/dossier das actividades desenvolvidas durante a estadía, coa memoria da súa experiencia a nivel académico, profesional, lingüístico, cultural, etc. Estas memorias publicaranse na web da Escola, e quedarán arquivadas para posteriores actividades: charlas, presentación, información sobre centros de destino, etc.

O profesorado participante deberá dar a máxima difusión ás actividades realizadas durante á súa estadía por medio das redes sociais e a páxina web da Escola, facilitando un rexistro fotográfico e unha sinopse da actividade á coordinación Erasmus por medio do correo electrónico erasmus@easd.es

NON SE REALIZARÁ O PAGO DA AXUDA ECONÓMICA SEN A PRESENTACIÓN DOS DOCUMENTOS (estes e os que, de ser o caso, poidan ser solicitados adicionalmente desde a



coordinación Erasmus a instancias da organización) EN
FORMA E PRAZO.

Asinado:

Santiago de Compostela 5 de Decembro de 2025

Juan Marcos Adrio Fondevila
Director



ANEXO I

IMPRESO DE SOLICITUDE

CENTRO DE DESTINO	
1	

IDENTIFICACIÓN DA PERSOA SOLICITANTE	
Nome	
DNI	
Apelidos	
Data de nacemento (dd/mm/aaaa)	
Enderezo postal	
Correo electrónico	
Teléfono	
Datas elixidas para realizar a mobilidade	
Nacionalidade	



ANEXO II
DECLARACIÓN DE CAPACIDADE DE MANEXO NO IDIOMA
DO PAÍS DE DESTINO OU NO IDIOMA DE TRABALLO

A persoa solicitante da axuda, D/Dna.

.....
.....

Declara ter manexo suficiente do idioma do país de destino solicitado.

Asdo.

D/Dna., solicitante.

En Santiago de Compostela, a de de 20.....

ANEXO III
WORKING PLAN

Full Name:	
Mobility:	
Estimated date:	



Short description of the activity:

